

**Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno
correspondente ó día 20 de xullo de 2020**

Con data vinte de xullo do ano dous mil vinte, ás dez horas e trinta minutos, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación a través do sistema de videoconferencia (a través do enlace lifesizecloud.com remitido coa convocatoria), co fin de realizar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente:

D. José Manuel Baltar Blanco

Deputados/as:

D. Rosendo Luis Fernández Fernández

D. Jorge Pumar Tesouro

D. Pablo Pérez Pérez

D.^a Ana María Villarino Pardo

D. César Manuel Fernández Gil

D.^a Luz Doporto Real

D. Armando Ojea Bouzo

Secretario:

D. Juan Marquina Fuentes

Interventor: D. José Mosquera Casero (xefe do Servizo de Intervención)

Ausentes: D. Plácido Álvarez Dobaño

Iníciase o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do modo que se reflicte a continuación:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 13 DE XULLO DE 2020.- A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 13 de xullo de 2020.

Non se producen intervencións, polo que a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

- Aprobar a acta da sesión ordinaria do día 13 de xullo de 2020, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL DO EXERCICIO 2020, RELATIVA Á OBRA 33/POS/2020, NO TERMO MUNICIPAL DE CUALEDRO.- Unha vez vista a proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Modifica-lo Plan (principal) provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2020 no relativo ó Concello de Cualedro, incorporando ó plan principal –en substitución da obra denominada “acondicionamento de edificio para Centro Social en Montes”, cun orzamento total de execución de 22.600,00 €, sendo a achega da Deputación de 11.300,00 € e a achega do Concello de 11.300,00 € - a obra denominada “pista multideporte en Cualedro”, co número 33/POS/2020, cun orzamento total de execución de 22.600,00 €, sendo a achega da Deputación de 11.300,00 € e a achega do Concello de 11.300,00 €.

3.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO CONCURSO DE LONGAMETRAXES DO FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE DE OURENSE (OUFF), 25ª EDICIÓN, DO 25 DE SETEMBRO.- Unha vez vista a proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

1º) Aproba-las bases reguladoras do concurso de longametraxes do Festival Internacional de Cine de Ourense (OUFF), 25ª edición, do 25 de setembro ó 3 de outubro de 2020, con suxeición ás seguintes cláusulas:

1/ OBXECTO

O Festival Internacional de Cine de Ourense (OUFF), que organiza a Deputación Provincial de Ourense, coa colaboración da Fundación Carlos Velo, ten como obxectivo fundamental ser un foro intercultural para a defensa, promoción e coñecemento da cinematografía mundial de calidade.

2/ DATAS DE CELEBRACIÓN

O OUFF 2020 terá lugar do 25 de setembro ó 3 de outubro.

3/ SEDE

Festival Internacional de Cine de Ourense (OUFF)

Centro Cultural Marcos Valcárcel

Rúa Progreso, 30

32003 Ourense (España)

Teléfono: + 34 988 317 896

www.ouff.org

ouff@depourense.es

4/ SECCIÓN

Competición oficial de longametraxes.

5/ PARTICIPANTES

Poderán concursar as persoas físicas ou xurídicas (produtoras, distribuidoras..) que posúan o debido control legal sobre as obras que presenten a competición.

6/ REQUISITOS DAS PELÍCULAS

- Deberán estar producidas no 2019 ou 2020.
- Poderán ser obras de ficción, animación ou documentais.
- Non poderán terse exhibido nin editado comercialmente en España en salas públicas (agás en festivais), televisión, dvd ou vídeo, antes do 25 de setembro de 2020. Tampouco en internet con acceso libre en España.
- As obras deberán ter unha duración superior os 60 minutos.

7/ COMO PARTICIPAR

A inscrición das películas para participar na sección oficial do festival será gratuíta e deberá facerse polas seguintes canles:

- Plataformas on line: FESTHOME.COM e CLICKFORFESTIVALS.COM
- Páxina web do festival: www.ouff.org, facilitando un enlace permanente de reprodución co contrasinal correspondente e cubrindo o boletín de inscrición que figura nesta. A persoa firmante deste boletín será a única interlocutora válida co festival.
- Tamén poden ser enviadas fisicamente en DVD ou Blue Ray á seguinte dirección:
Festival Internacional de Cine de Ourense (OUFF2020)
Centro Cultural Marcos Valcárcel
Rúa Progreso, 30.
32003 Ourense (España)
- O prazo de recepción de películas rematará o 14 de agosto de 2020.

- A dirección do festival resérvase o dereito de poder seleccionar títulos que cheguen fóra de prazo.

8/ SELECCIÓN

Unha comisión nomeada pola organización será a encargada de invitar ás películas que competirán na sección oficial do certame.

9/ OBRIGAS DOS SELECCIONADOS

Os participantes, cuxas películas sexan seleccionadas para a sección competitiva, deberán cumprir as seguintes disposicións:

- A total aceptación destas bases.
- Cesión dos dereitos para a exhibición pública das súas películas.
- Autorización para divulgar materiais das películas inscritas (fotogramas, carteis, fichas, fragmentos do guión, textos de prensa, etcétera). Os participantes autorizan a difusión de ata tres minutos de imaxes das devanditas películas en calquera medio de comunicación.
- Aceptación de que, no caso de obteren algún dos premios outorgados na competición, incluírán unha referencia escrita de forma obrigatoria e inescusable da concesión do devandito premio ao comezo de todas e cada unha das copias da película que distribúan para a súa exhibición en salas comerciais e/ou en certames audiovisuais, así como en todo o material informativo e promocional impreso (press- books, carteis, etcétera).
- Deberán facilitarlle á organización todo o material que se lles solicite (carteis, press book, fotografías, listado de diálogos, etcétera).
- Facilitaranlle á organización a copia de proxección e unha copia de seguridade en Blue Ray.
- Asumirán os custos de transporte do envío das copias ata Ourense, incluídos os impostos de alfándega correspondentes, que serán pagados pola persoa ou entidade que inscribise a película. Na etiqueta do envío deberá especificarse o texto seguinte: "Para usos culturais soamente / Sen valor comercial".
- Non poderán retirar a película da programación nin a presentarán comercialmente en España antes da súa proxección no OUFF.
- A copia deberá estar en poder do festival antes do 10 de setembro de 2020.
- Ceder, no caso de que a organización o solicite, unha copia da película premiada para que forme parte do arquivo do certame, que só poderá utilizala para fins de carácter cultural e sen ánimo de lucro.

- A persoa ou entidade que presenta a película seleccionada comprométese a que asistan ó festival representantes do equipo técnico ou artístico.

- Os datos de carácter persoal das persoas participantes incorporaranse ás correspondentes actividades de tratamento da Deputación Provincial de Ourense, e serán tratados coa finalidade específica de cada tratamento, de conformidade coa regulación establecida polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e coa Lei orgánica 3/2018, de protección de datos de carácter persoal e de garantía dos dereitos dixitais. A lexitimación do tratamento baséase no cumprimento dunha obrigação legal e/ou o cumprimento dunha misión realizada en interese público. O prazo de conservación dos datos será o legalmente previsto. Os datos solicitados unicamente serán obxecto de cesión, se é o caso, tras o previo consentimento da persoa interesada ou de acordo co previsto nestas bases e/ou na citada lexislación. As persoas cuxos datos persoais sexan tratados por esta Administración poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia, ante o órgano responsable do ficheiro. No caso de descoñecer este órgano, a solicitude dirixirase a DPO@depourense.es. Así mesmo, tamén teñen dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos.

10/ EXHIBICIÓN

- As proxeccións da competición de longametraxes faranse en sistema DCP -que cumpra a normativa internacional DCI- ou no formato que considere o festival.

- As produtoras ou distribuidoras que inscriban a película deberán facilitar as KDM para os servidores das sedes do festival, correndo os gastos por conta delas.

- Durante a celebración do certame, a organización resérvase o dereito de exhibir as películas seleccionadas nas salas cinematográficas e espazos vencellados a este festival, un máximo de catro sesións. A organización establecerá a orde, data e horario de exhibición.

- As películas deberán permanecer en poder do festival para a súa exhibición ata o seu remate.

- As obras gañadoras serán proxectadas, nun pase especial, o día seguinte ó remate do certame.

11/ XURADO

- Os premios da competición oficial de longametraxes serán outorgados por un xurado designado pola organización entre profesionais do mundo cinematográfico, audiovisual, medios de comunicación e cultura.

- O xurado non poderá declarar deserto ningún premio nin concedelo Ex Aequo.

- O xurado poderá conceder as mencións especiais (sen dotación económica) que considere oportunas.

- O xurado podería outorgar excepcionalmente unha única vez dous premios a unha mesma película.

- As decisións do xurado serán inapelables.

12/ PREMIOS

- O xurado da competición oficial de longametraxes outorgará os seguintes cinco galardóns:

* Calpurnia a mellor película dotado con 12.000 euros e trofeo.

* Premio Carlos Velo á mellor dirección: 2.000 euros e trofeo.

* Premio Especial do Xurado: Trofeo

* Premio ao mellor guión: Trofeo

* Premio a mellor interpretación: Trofeo

- O festival concederá tamén catro premios máis:

* Premio do público: Trofeo. Concederase o filme da competición oficial de longametraxes que obteña unha maior puntuación ponderada en función dos votos emitidos polos espectadores tralas proxeccións.

* Premio Xacobeo: 12.000 euros e trofeo. Será outorgado por unha comisión formada por membros da Fundación Carlos Velo, Deputación de Ourense e Xunta, á mellor obra con produción ou coprodución galega de todo o festival.

* Premio especial Eduardo Barreiros: 2.000 euros e trofeo. Outorgarase pola organización á mellor opera prima do cinema español estreada entre setembro de 2019 e setembro de 2020.

* Premio CIMA: Concédeose a Asociación de Mulleres Cineastas e de Medios Audiovisuais (CIMA) á mellor directora da sección oficial.

- SECCIÓN OFICIAL: A dotación económica dos premios corresponderalle integramente á distribuidora ou produtora que presentara a película, coa excepción dos premios á mellor dirección, guión e interpretación, que serán para as persoas físicas que resulten gañadoras.

- PREMIO XACOBEO: O montante económico do premio concederáselle ó director ou directora do filme gañador.
- PREMIO ESPECIAL EDUARDO BARREIROS: A dotación económica será para o director ou directora da película gañadora.

En tódolos casos as retencións fiscais e outros gastos en que se poida incurrir á entrega dos premios en metálico serán deducidos destes, co que o montante final variará dependendo das condicións establecidas por cada país e da forma en que se realice o pagamento.

13/ PREMIADOS: PRESENZA NA GALA DE CLAUSURA

Os galardoados deberán estar presentes na gala de clausura do festival para recoller o premio. De non poder asistir, deberán xustificar a súa ausencia por causas de forza maior, do contrario a organización entenderá que o premiado renuncia tanto ó premio en metálico como ó trofeo correspondente.

14/ RESOLUCIÓN FINAL

A dúbidas que poidan xurdir sobre a interpretación destas bases, así como os conflitos que puideran producirse derivados da súa aplicación, en canto á organización ou funcionamento, serán competencia exclusiva da organización do festival. A versión decisiva deste regulamento para calquera dúbida será a española.

2º) Ordena-la publicación do acordo no BOP e na sede electrónica da Deputación Provincial.

4.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO CONCURSO DE CURTAMETRAXES DO FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE DE OURENSE (OUFF), CORRESPONDENTES Ó ANO 2020.-

Unha vez vista a proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

1º) Aproba-las bases reguladoras de curtametraxes do Festival Internacional de Cine de Ourense (OUFF), correspondentes ó ano 2020, con suxeición ás seguintes cláusulas:

1.- Obxecto do concurso:

– É obxecto desta convocatoria estimular o formato da curtametraxe no ámbito da Comunidade Autónoma Galega como expresión básica da creación audiovisual.

– As curtametraxes presentadas deberán estar realizadas en Galicia ou dirixidas por unha persoa galega. É preciso indicar e demostrar na inscrición cal destes aspectos cumpre a obra presentada a concurso.

– A data de estrea das pezas que se presenten a concurso, en caso de teren sido xa estreadas, non poderá ser anterior ó 2019. Tamén se aceptan obras inéditas que poidan realizar a súa estrea no festival.

– As curtametraxes enviadas non poderán ter sido seleccionadas en edicións anteriores do OUFF en Curto. En caso de telo sido, non se aceptará a súa participación nesta edición.

– As obras participantes non poderán exceder dos 30 minutos de duración e a temática será libre, estando admitidos todo tipo de xéneros e modalidades de creación, agás o spot publicitario e o videoclip.

– Os materiais presentados deben estar en lingua galega ou en español. En caso de seren nun idioma diferente a estes, deben estar subtitulados a unha destas dúas linguas.

– En caso de non acadar un número mínimo de participantes, a organización poderá tomar a decisión de desistir neste concurso.

2.- Beneficiarios/as:

A participación está aberta a todos os autores ou autoras que se axusten aos requisitos recollidos no apartado anterior.

3.- Categorías, crédito orzamentario e premios:

– O importe total asignado a esta finalidade está incluído no orzamento xeral do Ourense Film Festival (OUFF 2020).

– Todas as obras a concurso competirán nunha categoría única, independentemente do xénero do audiovisual. Para os efectos de programación e proxección, as obras participantes poderán ser aglutinadas nos bloques que considere a organización.

– Establécense dous premios elixidos polo xurado profesional coa contía de 1.000 € en metálico para a obra que sume a maior puntuación e 500 € para a segunda que máis puntos acade.

– Establécese a maiores un “Premio do Público”, dotado con 300 €, que poderá ser compatible cos dous premios anteriores, se así resultara.

– O xurado poderá decidir tamén outorgar unha ou varias mencións especiais en caso de que o consideren oportuno.

– Os gañadores ou gañadoras recibirán igualmente unha figura conmemorativa do certame.

– Aos premios aplicaráselles as retencións correspondentes segundo a lexislación vixente.

4.- Obrigas dos/as participantes:

– As persoas participantes deberán acreditar a posesión das obras que presentan. O cumprimento deste punto será responsabilidade total da persoa participante, non do festival, e poderá supoñer a exclusión da súa obra, de observarse incumprimento.

– As persoas participantes autorizan ao festival a empregar fragmentos das obras seleccionadas, ou outros materiais promocionais achegados con estas, co fin da súa promoción, tanto na internet como noutros medios audiovisuais ou escritos, desta ou de vindeiras edicións.

- Os datos de carácter persoal das persoas participantes incorporaráaselles ás correspondentes actividades de tratamento da Deputación Provincial de Ourense, e serán tratados coa finalidade específica de cada tratamento, de conformidade coa regulación establecida polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e coa Lei orgánica 3/2018, de protección de datos de carácter persoal e de garantía dos dereitos dixitais. A lexitimación do tratamento baséase no cumprimento dunha obrigação legal e/ou o cumprimento dunha misión realizada en interese público. O prazo de conservación dos datos será o legalmente previsto. Os datos solicitados unicamente serán obxecto de cesión, se é o caso, tras o previo consentimento da persoa interesada ou de acordo co previsto nestas bases e/ou na citada lexislación. As persoas cuxos datos persoais sexan tratados por esta Administración poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia, ante o órgano responsable do ficheiro. No caso de descoñecer este órgano, a solicitude dirixirase a DPO@depourense.es. Así mesmo, tamén teñen dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos.

5.- Prazo e presentación de inscricións e documentación:

– Para participar será imprescindible cubrir o formulario de inscrición na plataforma FESTHOME.

– O prazo de presentación será dende o día seguinte ao da publicación destas bases no BOP ata o 31 de agosto de 2020, ás 23.59 h.

– As obras deben enviarse preferentemente en formato “.mp4” ou “.mov” (codec H264), cunha resolución mínima de 1280×720 píxeles. En caso de necesidade técnica, poderanse

transcodificar ou solicitar as obras seleccionadas en formato diferente a efectos da súa proxección.

– As persoas participantes deberán achegar na inscrición a seguinte documentación:

- Solicitud de inscrición e declaración responsable de estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Fotocopia do DNI do autor ou autora / CIF da entidade xurídica, se é o caso.
- Certificación bancaria do número de conta do autor ou autora.
- A curtametraxe participante ou unha ligazón para descargala.
- Ficha técnica e sinopse da curtametraxe.
- Material gráfico e promocional (cartel, fotogramas da obra, etcétera).

– A organización do OUFF 2020 xestionará de oficio a comprobación de estar ao corrente das obrigas fiscais coa Administración Local.

– En caso de dúbidas nalgún dos puntos anteriores, estas poden ser atendidas no correo electrónico **ouffencurto@gmail.com**

6. Procedemento de concesión

– O procedemento de concesión será o de concorrencia competitiva.

– Os audiovisuais presentados someteranse a unha preselección a criterio do comité de selección. Só chegarán a proxectarse e optarán ao premio as pezas escollidas polo dito comité.

– A persoa de contacto das curtametraxes seleccionadas será notificada da selección por parte da organización a través dalgunha das vías de contacto que facilitou no formulario de inscrición.

– Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, o órgano de instrución comprobará a corrección da documentación administrativa achegada, e remitiralle ao xurado as curtametraxes seleccionadas cuxa documentación estea correcta e fora presentada en prazo, para a súa valoración e posterior emisión da correspondente acta.

7. Xurado

O xurado estará composto por profesionais de recoñecido prestixio no mundo académico e/ou no sector audiovisual, e poderá incluír tamén novos valores do dito sector. Unha das persoas integrantes do xurado actuará de presidente ou presidenta.

O xurado valorará positivamente o uso da lingua galega, así como tamén o carácter innovador e a orixinalidade da proposta, tanto na temática como na súa resolución narrativa e formal. As decisións do xurado faranse públicas unha vez finalizadas as votacións e serán inapelables.

O premio do público será outorgado polas persoas asistentes ás proxeccións das curtametraxes, que puntuarán de 1 a 5 as obras a concurso, resultando gañadoras deste as que máis puntos sumen unha vez feito o recuento de votos. En caso de empate, a decisión final será do presidente ou presidenta do xurado profesional.

8. Proxección das curtametraxes

As curtametraxes seleccionadas serán proxectadas nunha ou varias sesións durante a celebración do OUFF 2020, e as que resulten premiadas poderán ser proxectadas na sesión da entrega de premios, podendo dispor o OUFF 2020 do seu uso posterior para actividades de difusión deste, no decurso do propio festival ou no ámbito da provincia de Ourense.

9. Responsabilidade de danos

O OUFF 2020 non se fai responsable dos danos morais ou materiais que, a si mesmos ou a terceiros, ocasionen os participantes.

10. Aceptación das bases

A participación neste concurso leva implícita a aceptación destas bases. A interpretación destas será competencia da organización.

2º) Ordenar a publicación do acordo das referidas bases no BOP e na sede electrónica da Deputación Provincial.

5.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO CONCURSO DAS FAS MUVIS, LÍMITE 24 HORAS, DO FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE DE OURENSE (OUFF), CORRESPONDENTES Ó ANO 2020.-

Unha vez vista a proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

1º) Aproba-las bases reguladoras do concurso das FAS MUVIS, límite 24 horas, do Festival Internacional de Cine de Ourense (OUFF), correspondentes ó ano 2020, con suxeición ás seguintes cláusulas:

1. A PROPOSTA

Fas Muvis é un concurso por equipos para a realización dunha peza audiovisual cunha duración determinada durante un tempo limitado. Cada equipo participante contará cun

presuposto pechado para a realización da obra.

2. OS EQUIPOS

A inscrición será por equipos nunha única categoría.

Haberá un máximo de 6 equipos competindo.

Cada Equipo estará formado por un máximo de 5 membros, que non poderán ser maiores de 30 anos. Deste equipo exclúese o elenco artístico, entrevistados ou expertos colaboradores.

Os equipos deberán achegar un dossier co nome do equipo, os datos de contacto dun membro que exercerá de produtor, unha proposta de idea e unha sinopse, os datos persoais de todos os compoñentes do equipo e un CV breve de cada un. Este dossier non deberá superar as 3 páxinas.

A organización fará a selección dos equipos concursantes atendendo ao CV dos membros, á calidade do proxecto e á adaptación do relato proposto ás bases do concurso.

Cada equipo seleccionado será o responsable de achegar o material técnico que considere necesario para o desenvolvemento do seu proxecto.

3. DATAS E DURACIÓN DO CONCURSO

A data límite de entrega de propostas será o 16 de setembro, ás 14.00 h no correo fasmuvis@gmail.com e a lista de seleccionados farase publica o día 17.

O tempo de reprodución comezará dende o momento en que se notifican os equipos seleccionados.

Os equipos en competición ou o seu produtor deberán presentarse o día 25 de setembro, ás 18.00 h no Centro Cultural Marcos Valcárcel da Deputación de Ourense para proceder á entrega de credenciais e á explicación detallada das bases do concurso.

Haberá un límite de 48 horas para a gravación: dende o venres 25 de setembro, ás 20.00h, ata o domingo 27 de setembro, ás 20 h.

Os equipos disporán de 96 horas para a montaxe, que serán dende o domingo 27 de setembro ata o xoves 1 de outubro. A obra definitiva terá que estar subida antes das 20.00h. do xoves día 1 de outubro á plataforma que a organización teña indicado.

4. O RELATO

O proxecto proposto deberá estar relacionado coa cidade de Ourense e a súa contorna.

A obra poderá ser ficción, documental, promocional ou reportaxe.

Deberá destacar os valores arquitectónicos, sociais, históricos, artísticos, etnográficos

ou naturais da contorna. Así mesmo, valorarase favorablemente a transmisión de valores sociais positivos tales coma igualdade, non discriminación, integración, etcétera.

A peza desenvolvida deberá ter una duración mínima de 3 minutos e máxima de 10 minutos.

As imaxes deberán ser rodadas integramente en Ourense. Un mínimo do 40% deberán gravarse nos exteriores da cidade ou na súa contorna.

A obra deberá ser en lingua galega (incluídos créditos e información textual). En caso de ser noutro idioma, deberá ter subtítulos en galego.

Deberá comezar e finalizar co logotipo do OUFF, que será facilitado pola organización.

5. SELECCIÓN DOS PROXECTOS

De todos os proxectos enviados serán seleccionados 6, que pasarán á fase de concurso.

Para a súa selección valorarase:

- A viabilidade do proxecto.
- A orixinalidade da idea presentada.
- A adecuación á representación dos valores arquitectónicos, sociais, históricos, artísticos, etnográficos ou naturais da contorna da cidade de Ourense especificadas nestas bases.

6. O PRESUPOSTO

Cada equipo terá un presuposto máximo para a realización da peza de 500 €.

Entregaránselle 300 € a cada produtor no momento da inscrición e entrega das credenciais do concurso.

Os outros 200 € serán recibidos despois da entrega da peza audiovisual, sempre que esta cumpra coas bases do concurso e o resultado final se adapte ao proxecto presentado.

Os equipos deberán presentar xunto coa entrega da peza unha Memoria de Produción do desenvolvemento do proxecto. Esta memoria levará un parte diario de traballo no que se explicará como se organizaron os equipos, o presuposto e os tempos.

O presuposto poderá ser gastado nas partidas que o equipo considere necesarias: material técnico, atrezzo, actores, manutención, desprazamentos, aloxamento...

7. OS PREMIOS

O concurso FAS MUVIS está dotado cun primeiro premio de 600 € e un segundo de 200 € para as obras audiovisuais que, segundo a valoración do xurado, mellor se adapten a estas bases.

Os dereitos de explotación non comercial das obras premiadas serán cedidos á Deputación de Ourense para a súa promoción.

O sábado 3 de outubro, na sesión de peche do OUFF, o xurado outorgaralles os premios aos gañadores e proxectaranse as obras premiadas.

2º) Ordenar a publicación do acordo das referidas bases no BOP e na sede electrónica da Deputación Provincial.

6.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE RIÓS PARA PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS MUNICIPAIS.- Unha vez vista a proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor do Concello de Riós, nos seguintes termos:

-Importe: 12.709,44 €.

-Obxecto: Pavimentación de camiños municipais.

-Xustificación: A subvención xustificarse mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, A subvención xustificarse mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o 100% do importe do orzamento presentado (42.364,79 euros), indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- 4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.
- 5.- Que a entidade se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.
- 6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como

xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 30 outubro de 2020.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

7.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se suscitaron.

8.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.- Non se presentaron.

9.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás once horas e corenta minutos do referenciado día vinte de xullo do ano dous mil vinte, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará electronicamente.

